

A análise deste apartado basearase na información facilitada pola Fundación para a Formación Continua (Forcem) e a Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude. O capítulo terá dous partes diferenciadas, presentando nunha primeira as medidas de formación levadas a cabo polo Forcem e, na segunda parte, unha referencia ás medidas de formación e colocación por parte da Xunta.

Forcem: plans de formación

Os plans de formación son a iniciativa formativa máis importante financiada polo Forcem, ó representar o 85% das axudas destinadas ó conxunto das convocatorias. No ano 1997, co obxecto de facilitar o acceso á formación dos solicitantes das axudas, introduciuse unha serie de modificacións, entre as que salientan a ampliación dos colectivos beneficiarios das axudas e os requisitos de presentación de solicitudes por parte das pymes, e que se posibilita a presentación de plans intersectoriais no ámbito das comunidades

autónomas, no marco das comisións paritarias territoriais.

Atendendo á comunidade autónoma solicitante, o **cadro 2.2.1.** reflicte que a demanda concéntrase en dúas comunidades, Madrid e Cataluña, co 52,2% dos plans presentados, en tanto que Galicia sería a sexta comunidade, co 4,84%, porcentaxe similar á existente na C. Valenciana e no País Vasco.

Unha vez aprobados os plans, estas porcentaxes mantense. Así, Madrid e Cataluña acollen o 53,17% dos plans aprobados, en tanto que en Galicia esta porcentaxe ascende ó 4,84%.

No referente ó financiamento aprobado, o devandito cadro amosa que a comunidade de Madrid absorbe o 48,6% do financiamento, seguida de Cataluña, co 16,3%. Galicia foi a quinta comunidade, co 4,4%, sendo superada, ademais de por Madrid e Cataluña, polas comunidades de Andalucía e Valencia, co 7,9% e o 5,2%, respectivamente.

Atendendo ós distintos colectivos

CADRO 2.2.1.

Actividades de FORCEM nas CC.AA. 1997: plans e financiamento

	Plans solicitados	Financiamento solicitado (en millóns de pesetas)	Plans aprobados	Financiamento aprobado (en millóns de pesetas)	Plans certificados	Financiamento certificado (en millóns de pesetas)
Andalucía	504	20.531	336	4.996	318	4.353
Aragón	165	4.678	133	1.726	129	1.521
Asturias	114	3.045	85	834	82	677
Baleares	109	3.781	82	925	77	787
Canarias	109	5.412	74	1.152	62	964
Cantabria	41	1.245	35	362	34	313
Castela e León	174	5.178	135	1.517	128	1.398
Castela - A Mancha	96	3.633	61	905	61	709
Cataluña	1.168	36.511	891	10.378	860	9.167
C. Valenciana	236	11.423	180	3.322	173	2.857
Extremadura	48	1.123	39	366	38	329
<b>Galicia</b>	<b>230</b>	<b>10.014</b>	<b>174</b>	<b>2.808</b>	<b>171</b>	<b>2.475</b>
Madrid	1.315	110.879	1.021	30.883	990	27.657
Murcia	68	1.941	50	634	49	569
Navarra	107	2.318	84	520	80	422
País Vasco	245	7.045	192	2.033	177	1.789
A Ríoxa	24	546	21	185	21	166
Ceuta	2	15	2	11	2	7
Melilla	1	3	1	2	1	1
<b>Total</b>	<b>4.756</b>	<b>229.322</b>	<b>3.596</b>	<b>63.560</b>	<b>3.453</b>	<b>56.163</b>

Fonte: FORCEM

**CADRO 2.2.2. Plans de FORCEM nas CC.AA. 1997: participantes certificados segundo o seu tipo de afiliación á Seguridade Social**

	Réxime Xeral	%	Réx. esp. Autonomo	%	Réx. esp. Agrario	%	Ficos discontinuos	%	Trab. en regul. de emprego	%	Sen asignar	%
Andalucía	152.296	12,41	10.656	21,03	7.767	23,76	1.004	8,98	67	6,97	1	0,60
Aragón	51.885	4,23	3.056	6,03	2.687	8,22	185	1,65	8	0,83	7	4,19
Asturias	30.782	2,51	969	1,91	560	1,71	57	0,51	-	-	-	-
Baleares	25.459	2,07	1.447	2,86	9	0,03	2.260	20,21	28	2,91	-	-
Canarias	34.420	2,80	1.201	2,37	1.116	3,41	853	7,63	5	0,52	1	0,60
Cantabria	14.402	1,17	668	1,32	1.084	3,32	93	0,83	5	0,52	-	-
Castela e León	62.495	5,09	3.402	6,71	2.447	7,49	177	1,58	13	1,35	3	1,80
Castela - A Mancha	36.480	2,97	1.965	3,88	1.493	4,57	137	1,23	10	1,04	-	-
Cataluña	252.920	20,60	7.547	14,89	1.803	5,52	1.213	10,85	75	7,80	-	-
C. Valenciana	111.292	9,07	5.853	11,55	2.086	6,38	2.737	24,48	26	2,71	-	-
Extremadura	18.709	1,52	1.196	2,36	1.468	4,49	154	1,38	3	0,31	-	-
<b>Galicia</b>	<b>72.408</b>	<b>5,90</b>	<b>3.159</b>	<b>6,23</b>	<b>7.452</b>	<b>22,80</b>	<b>176</b>	<b>1,57</b>	<b>41</b>	<b>4,27</b>	<b>45</b>	<b>26,95</b>
Madrid	261.794	21,33	4.339	8,56	330	1,01	1.070	9,57	647	67,33	100	59,88
Murcia	23.806	1,94	1.428	2,82	1.562	4,78	946	8,46	4	0,42	-	-
Navarra	18.714	1,52	975	1,92	181	0,55	21	0,19	18	1,87	-	-
País Vasco	49.856	4,06	2.326	4,59	248	0,76	64	0,57	11	1,14	-	-
Rioxa	8.505	0,69	384	0,76	368	1,19	25	0,22	-	-	-	-
Ceuta	738	0,06	69	0,14	1	0,00	1	0,01	-	-	-	-
Melilla	525	0,04	31	0,06	1	0,00	9	0,08	-	-	-	-
Sen datos	4	0,00	1	0,00	-	-	-	-	-	-	10	5,99
<b>Total</b>	<b>1.227.490</b>	<b>100,0</b>	<b>50.672</b>	<b>100,00</b>	<b>32.683</b>	<b>100,00</b>	<b>11.182</b>	<b>100,00</b>	<b>961</b>	<b>100,00</b>	<b>167</b>	<b>100,00</b>

Fonte: FORCEM

CADRO 2.2.3.

**Accións complementarias de FORCEM nas CC.AA. 1997: proxectos presentados e financiamento solicitado**

	Proxectos solicitados	%	Financiamento solicitado <small>(en millóns de pesetas)</small>	Financiamento solic./proxecto <small>(%)</small>
Andalucía	170	9,53	4.164	24,50
Aragón	87	4,88	1.877	21,58
Asturias	41	2,30	567	13,83
Baleares	24	1,35	551	22,97
Canarias	32	1,79	1.183	36,98
Cantabria	10	0,56	180	17,98
Castela e León	42	2,35	750	17,86
Castela - A Mancha	22	1,23	426	19,38
Cataluña	390	21,86	9.135	23,42
C. Valenciana	135	7,57	2.808	20,80
Estremadura	42	2,35	453	10,78
<b>Galicia</b>	<b>63</b>	<b>3,53</b>	<b>1.896</b>	<b>30,09</b>
Madrid	596	33,41	21.304	35,74
Murcia	50	2,80	535	10,70
Navarra	16	0,90	126	7,88
País Vasco	47	2,63	1.026	21,83
Rioxa	2	0,11	53	26,41
Melilla	1	0,06	7	6,55
Sen datos	14	0,78	2	0,16
<b>Total</b>	<b>1.784</b>	<b>100,0</b>	<b>47.043</b>	<b>26,37</b>

Fonte: FORCEM

participantes nesta convocatoria, o **cadro 2.2.2.** reflicte o predominio de participantes pertencentes ó Réxime Xeral da Seguridade Social. En Galicia, este número foi de 72.408 participantes, o que representa o 86,9% do total de participantes galegos (no caso español, esta porcentaxe ascende ó 92,7%). O 13,1% restante corresponde ós novos colectivos que se incorporan á convocatoria, coa seguinte distribución: o 8,9% corresponde ó Réxime Especial Agrario; un 3,8%, ó Réxime Especial de Autónomos; un 0,2%, a fixos discontinuos; e un 0,05%, a traballadores en regulación de emprego.

Comparado coa situación en España, o peso relativo dos participantes galegos pertencentes ó Réxime Especial Agrario é do 22,8% do total español, superado tan só por Andalucía, que acolle ó 23,76% dos participantes neste réxime. No caso dos autónomos, Galicia acolle o 6,23% dos participantes, co que é a sexta comunidade con máis participantes por detrás de

Andalucía, Cataluña, C. Valenciana, Madrid e Castela e León.

Accións complementarias e de acompañamento á formación

A finalidade específica destas accións é o desenvolvemento de estudos, metodoloxías y ferramentas destinadas a mellora-la calidade das accións formativas. O que se pretende é contar con instrumentos que detecten mellor os cambios que se producen nos entornos productivos, desde unha perspectiva anticipativa e innovadora.

Atendendo á sede social do solicitante do proxecto, o **cadro 2.2.3.** reflicte que Madrid e Cataluña son as que presentan un maior número de demandantes nesta convocatoria, co 33,4% e o 21,9% do total, respectivamente. Galicia solicitou en 1998 un total de 63 proxectos, que representan o 3,53% dos proxectos solicitados en España, o que a convirte na sexta

## CADRO 2.2.4.

## Accións complementarias de FORCEM nas CC.AA. 1997: proxectos e financiamento aprobados

	Proxectos solicitados	Proxectos aprobados	Aprob. total		Aprob. total solicit.	Financiamento		Financiamento aprobado	Financiam./fi nanciam. solíc.	Media do financiam. aprob./proxecto
			(%)	(en millóns de pesetas)		(en millóns de pesetas)	(%)			
Andalucía	170	47	10,22	27,65	4.164	911	21,87	19,38		
Aragón	87	17	3,70	19,54	1.877	333	17,75	19,60		
Asturias	41	10	2,17	24,39	567	119	20,99	11,90		
Baleares	24	2	0,43	8,33	551	19	3,47	9,56		
Canarias	32	8	1,74	25,00	1.183	225	18,99	28,09		
Cantabria	10	4	0,87	40,00	180	80	44,56	20,03		
Castela e León	42	10	2,17	23,81	750	135	18,03	13,53		
Castela - A Mancha	22	5	1,09	22,73	426	105	24,72	21,08		
Cataluña	390	70	15,22	17,95	9.135	1.402	15,35	20,03		
C. Valenciana	135	38	8,26	28,15	2.808	474	16,88	12,47		
Extremadura	42	9	1,96	21,43	453	58	12,91	6,50		
<b>Galicia</b>	<b>63</b>	<b>21</b>	<b>4,57</b>	<b>33,33</b>	<b>1.896</b>	<b>552</b>	<b>29,12</b>	<b>26,28</b>		
Madrid	596	193	41,96	32,38	21.304	5.275	24,76	27,33		
Murcia	50	9	1,96	18,00	535	123	23,05	13,70		
Navarra	16	3	0,65	18,75	126	37	29,20	12,28		
País Vasco	47	13	2,83	27,66	1.026	121	11,78	9,30		
A Ríoxa	2	-	-	-	53	-	-	-		
Meillía	1	1	0,22	100,00	7	6	86,71	5,68		
Sen datos	14	-	-	-	2	-	-	-		
<b>Total</b>	<b>1.784</b>	<b>460</b>	<b>100,02</b>	<b>25,78</b>	<b>47.043</b>	<b>9.975</b>	<b>21,21</b>	<b>21,68</b>		

Fonte: FORCEM

comunidade con maior número de solicitantes por detrás das devanditas Madrid e Cataluña, e de Andalucía (9,53%), C. Valenciana (7,57%) e Aragón (4,88%).

No que fai referencia á media de financiamento, o devandito cadro amosa que as comunidades canaria, madrileña, galega e riojana son as que presentan unha media superior á española, que foi de 26,37 millóns de pesetas. No caso galego, a media de financiamento ascendeu a 30,09 millóns de pesetas na convocatoria de 1997.

O **cadro 2.2.4.** amosa como, nos proxectos aprobados, mantense, basicamente, a distribución territorial da estrutura de demanda. Madrid, Cataluña, Andalucía, a C. Valenciana e Galicia obteñen as maiores porcentaxes de aprobación. No caso galego, esta porcentaxe ascende ó 4,57% do total español.

As cantidades aprobadas para cada proxecto reducen a media de financiamento. Canarias, Galicia e Madrid seguen a se-las comunidades coa media máis alta, aínda que, neste caso, están por debaixo dos 30 millóns de pesetas.

#### Permisos individuais de formación

A convocatoria de 1997 presenta como diferenza significativa respecto ás anteriores o aumento de 150 a 200 das horas financiadas, o que permite adecuar as horas de permiso ás características das accións formativas obxecto de demanda.

O **cadro 2.2.5.** recolle o número de solicitudes presentadas e horas solicitadas por comunidades autónomas do centro de traballo. A distribución das solicitudes de permisos individuais de formación coincide coa dos plans: existen máis solicitudes

naquelas comunidades onde tamén se solicitan máis plans de formación e menos solicitudes onde a demanda de plans é menor.

Galicia é a quinta comunidade en canto ó número de solicitudes, con 202 (o 5,56% do total de solicitudes en España), superada por Madrid (o 24,63%), Cataluña (18,71%), C. Valenciana (12,71%) e Andalucía (12,58%).

Finalmente, o **cadro 2.2.6.** reflicte o número de solicitudes, horas e asinaturas segundo a comunidade autónoma do centro de traballo. Na convocatoria 97/98 Galicia acolleu o 6,04% dos permisos individuais de formación aprobados en España. A media de horas aprobadas por solicitante en Galicia foi de 187,14, superior á existente no conxunto do Estado, onde esa media ascendeu a 164,72 horas.

#### Formación e colocación: Comunidade autónoma

A política da Xunta de Galicia en materia de formación e colocación pódese agrupar en dous grandes grupos: o referente á formación profesional ocupacional e o Servicio Galego de Colocación

• **Formación profesional ocupacional.** Ésta é unha política activa de emprego realizada na DX de Formación e Colocación mediante o Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional (Plan FIP) que se elabora anualmente. Xunto as accións formativas contidas no devandito plan, existe unha serie de medidas complementarias que están financiadas polo Fondo Social Europeo.

O **cadro 2.2.7.** recolle un resumo da formación ocupacional en Galicia, onde se pode apreciar que no ano 1998 realizáron-

**CADRO 2.2.5. Permisos Individuais de Formación nas CC.AA. 1996-98: solicitudes presentadas e horas solicitadas**

	Conv. 96-97			Conv. 97-98			97-98 / 96-97			97-98 / 96-98		
	PIF solicitados	% PIF solíc./total solíc	Horas solicitadas	PIF solicitados	% PIF solíc./total solíc	Horas solicitadas	PIF solicitados	Horas solicitadas	PIF solicitados	Horas solicitadas	PIF solicitados	Horas solicitadas
Andalucía	337	11,85	49.739	457	12,58	81.678	35,61	64,21				
Aragón	60	2,11	8.367	77	2,12	12.937	28,33	54,61				
Asturias	158	5,56	23.531	176	4,84	31.776	11,39	35,04				
Baleares	43	1,51	7.015	34	0,94	6.687	-20,93	-4,68				
Canarias	49	1,72	9.586	49	1,35	11.675	-	21,80				
Cantabria	5	0,18	822	12	0,33	2.227	140,00	170,92				
Castela e León	101	3,55	16.810	118	3,25	21.099	16,83	25,52				
Castela - A Mancha	31	1,09	4.733	46	1,27	8.477	48,39	79,09				
Cataluña	569	20,01	92.183	680	18,71	122.416	19,51	32,90				
C. Valenciana	309	10,86	47.529	462	12,71	83.075	49,51	74,79				
Extremadura	25	0,88	3.842	26	0,72	4.667	4,00	21,74				
<b>Galicia</b>	<b>162</b>	<b>5,70</b>	<b>24.470</b>	<b>202</b>	<b>5,56</b>	<b>39.047</b>	<b>24,69</b>	<b>59,57</b>				
Madrid	723	25,42	108.210	895	24,63	154.452	23,79	42,73				
Murcia	101	3,55	14.529	130	3,58	25.698	28,71	76,87				
Navarra	22	0,77	3.949	37	1,02	6.347	68,18	60,72				
País Vasco	137	4,82	24.502	174	4,79	32.233	27,01	31,55				
Rioxa	12	0,42	1.737	14	0,39	2.457	16,67	41,45				
Sen datos	-	-	-	45	1,24	2.249	-	-				
<b>Total</b>	<b>2.844</b>	<b>100,0</b>	<b>441.553</b>	<b>3.634</b>	<b>100,00</b>	<b>649.196</b>	<b>27,78</b>	<b>47,03</b>				

Fonte: FORCEM

**CADRO 2.2.6. Permisos Individuais de Formación nas CC.AA. 1996-98: solicitudes, horas e asignaturas aprobadas**

	Conv. 96-97				Conv. 97-98					
	PIF Aprobados	Horas aprobadas	Nº asignaturas aprobadas	Media horas aprob. por solicitante	Media asign. aprob. por solicitante	PIF aprob.	Horas Aprob.	Nº asignaturas aprobadas	Media horas aprob. por solicitante	Media asign. aprob. por solicitante
Andalucía	300	40.836	1.121	136,12	3,74	396	65.485	1.642	165,37	4,15
Aragón	49	6.559	176	133,86	3,59	62	9.819	229	158,37	3,69
Asturias	142	21.009	477	147,95	3,36	153	27.554	521	180,09	3,41
Baleares	38	4.925	135	129,61	3,55	33	5.717	128	173,23	3,88
Canarias	33	4.480	121	135,74	3,67	47	7.855	150	167,12	3,19
Cantabria	4	592	22	148,00	5,50	10	1.707	31	170,70	3,10
Castela e León	93	13.187	349	141,79	3,75	91	15.939	376	175,15	4,13
Castela - A Mancha	25	3.568	114	142,72	3,98	38	6.334	100	166,68	2,63
Cataluña	456	62.238	1.815	136,49	3,98	566	89.708	2.138	158,49	3,78
C. Valenciana	264	36.895	872	139,75	3,30	403	65.667	1.471	162,95	3,65
Extremadura	18	2.615	68	145,28	3,78	24	3.898	79	162,42	3,29
<b>Galicia</b>	<b>136</b>	<b>19.703</b>	<b>507</b>	<b>144,87</b>	<b>3,73</b>	<b>187</b>	<b>34.995</b>	<b>648</b>	<b>187,14</b>	<b>3,47</b>
Madrid	634	87.485	2.350	137,99	3,71	778	122.049	2.956	156,87	3,80
Murcia	93	13.673	345	147,02	3,71	118	22.338	548	189,31	4,64
Navarra	20	2.803	68	140,15	3,40	27	4.261	128	157,83	4,74
País Vasco	126	18.199	444	144,44	3,52	156	25.574	561	163,94	3,60
Rioxa	10	1.500	50	150,00	5,00	7	1.070	25	152,86	3,57
<b>Total</b>	<b>2.441</b>	<b>340.267</b>	<b>9.034</b>	<b>139,40</b>	<b>3,70</b>	<b>3.096</b>	<b>509.968</b>	<b>11.731</b>	<b>164,72</b>	<b>3,79</b>

Fonte: FORCEM



**CADRO 2.2.7.**
**Formación ocupacional 1998: cursos, presupostos e alumnos**

	<b>Cursos</b>	<b>Alumnos</b>	<b>Presupostos</b> <i>(en pesetas)</i>
<b>FIP</b>	1.273	19.095	5.181.368.239
<b>Compromisos de contratación</b>	244	3.660	698.268.615
<b>Medios propios</b>	157	2.355	515.868.169
<b>Plan autonómico de formación de formadores</b>	42	630	42.456.250
<b>Outras accións formativas</b>	92	1.380	210.088.964
<b>Total</b>	<b>1.808</b>	<b>27.120</b>	<b>6.648.050.237</b>

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación

**CADRO 2.2.8.**
**Plan FIP 1998: programación provincial e pluriprovincial**

	<b>Cursos</b>	<b>Alumnos</b>	<b>Presupostos</b> <i>(en pesetas)</i>
<b>Programación provincial</b>	731	10.965	3.140.214.255
<b>A Coruña</b>	243	3.645	1.076.498.625
<b>Lugo</b>	127	1.905	562.774.500
<b>Ourense</b>	149	2.235	578.323.830
<b>Pontevedra</b>	212	3.180	922.617.300
<b>Programación pluriprovincial</b>	542	3.130	2.041.153.984

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación

se un total de 1.808 cursos, cun presuposto de 6.648,1 millóns de pesetas, ós que asistiron un total de 27.120 alumnos.

No que ós cursos FIP se refire, en 1998 realizáronse 1.273 cursos, dos que 542 corresponden a cursos de programación pluriprovincial e os 731 restantes son cursos de programación provincial. Neste segundo grupo de cursos participaron 10.965 alumnos, distribuídos segundo se reflicte no **cadro 2.2.8.**

No concernente ós cursos con compromiso de contratación, en 1998 se manteñen os requisitos de contratar a un 60% dos alumnos que inician os cursos, cunha duración mínima do contrato de 6 meses e por un tempo equivalente ou superior á media xornada. No ano 1998, co obxectivo de potenciar esta figura de cursos, incrementouse o número de cursos nun 12,4% con respecto ó ano anterior: apro-

báronse 244 cursos ós que asistiron un total de 3.660 alumnos e cun presuposto de 698,3 millóns de pesetas.

En canto á súa distribución xeográfica, o **cadro 2.2.9.** reflicte que o maior número de cursos (119) se realiza na provincia de Pontevedra, que acolle a un total de 1.785 alumnos (o 48,8%). No extremo apostado está Lugo, que presenta tan só 6 cursos en 1998, ós que asisten un total de 90 alumnos (o 2,5% do total).

O **cadro 2.2.10.** reflicte a distribución sectorial dos cursos con compromiso de contratación. Nel se pode apreciar que o sector do téxtil é o que acolle un maior número de cursos a alumnos, con 59 e 885, respectivamente. Séguelle en importancia o comercio, marketing e vendas, con 24 cursos en 1998 e un total de 360 alumnos, e o sector industrial, con 21 cursos e 315 alumnos. Pola contra, os que

CADRO 2.2.9.

**Cursos con compromiso de contratación 1998**

	Centros	Cursos	Alumnos	Importe (en pesetas)
A Coruña	36	72	1.080	267.540.030
Lugo	6	6	90	26.877.825
Ourense	22	47	705	176.783.700
Pontevedra	20	119	1.785	227.067.060
<b>Total</b>	<b>84</b>	<b>244</b>	<b>3.660</b>	<b>698.268.615</b>

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación

CADRO 2.2.10.

**Cursos con compromiso de contratación 1998: distribución sectorial**

	Cursos	Alumnos	Presupostos (en pesetas)
Administración e oficinas	15	225	39.661.350
Agricultura	1	15	3.997.500
Comercio, marketing e vendas	24	360	50.440.275
Construcción	3	45	9.544.410
Industria	21	315	125.270.895
Industria agroalimentaria	5	75	14.046.150
Madeira e moble	8	120	65.925.900
Matemento instalacións	4	60	18.628.125
Outros	89	1.335	123.214.935
Sanidade	4	60	8.220.600
Servicios	6	90	33.148.200
Téxtil	59	885	181.235.775
Turismo e hotelería	5	75	24.934.500
<b>Total</b>	<b>244</b>	<b>3.660</b>	<b>698.268.615</b>

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación

menos cursos realizan son o sector agrícola, con 1 curso e 15 alumnos, e a construción, con 3 cursos e 45 alumnos.

Con cargo ó presuposto do Plan FIP, impartíronse un total de 157 cursos de formación ocupacional en centros de titularidade da Xunta de Galicia, por un importe de 2.355 millóns de pesetas. Do total dos cursos, o **cadro 2.2.11.** reflicte que é na provincia de A Coruña onde se imparte o maior número de cursos (63), en tanto que a provincia de Pontevedra acolle só 7 cursos.

Atendendo á distribución sectorial da programación sectorial dos cursos de formación ocupacional impartidos en centros de titularidade da Xunta de Galicia, o **cadro 2.2.12.** reflicte que o sector de matemento de instalacións é o que acolle o maior número de cursos, con 34 e 510

alumnos, seguido pola agricultura, con 30 cursos no mesmo ano 1998. Pola contra, son os sectores de medio ambiente, con 1 curso, e artesanía e sanidade, con 2, os sectores que menos cursos acollen.

• **Servicio Galego de Colocación.-** O Servicio Galego de Colocación, como parte do Servicio Público de Empleo, intermedia no mercado laboral relacionando oferta e demanda de emprego. A rede de centros asociados está formada por 217 entidades que complementan as accións das 51 oficinas de emprego da consellería.

No ano 1998, 160.274 persoas utilizaron o Servicio Galego de Colocación e o número de postos de traballo ofertados polas empresas ascendeu a 20.192.

Tendo en conta que un dos obxectivos das políticas activas de emprego é

**CADRO 2.2.11.**
**Programación con medios propios (1) 1998**

	<b>Cursos</b>	<b>Alumnos</b>	<b>Importe</b> (en pesetas)
<b>A Coruña</b>	63	945	209.021.684
<b>Lugo</b>	42	630	194.032.635
<b>Ourense</b>	45	675	99.693.175
<b>Pontevedra</b>	7	105	13.120.675
<b>Total</b>	<b>157</b>	<b>2.355</b>	<b>515.868.169</b>

(1) cursos de formación ocupacional impartidos en centros de titularidade da Xunta de Galicia  
 Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación

**CADRO 2.2.12.**
**Programación con medios propios 1998: distribución sectorial**

	<b>Cursos</b>	<b>Alumnos</b>	<b>Presuposto</b> (en pesetas)
<b>Administración de oficinas</b>	18	270	63.516.900
<b>Agricultura</b>	30	450	68.515.850
<b>Artesanía</b>	2	30	7.990.000
<b>Automoción</b>	5	75	20.076.750
<b>Comercio, marketing e vendas</b>	6	90	17.253.575
<b>Comunicación</b>	2	30	7.654.500
<b>Construcción</b>	16	240	61.633.650
<b>Industria</b>	11	165	61.148.750
<b>Madeira e moble</b>	3	45	27.742.500
<b>Mantemento instalacións</b>	34	510	108.703.545
<b>Medio ambiente</b>	1	15	2.418.749
<b>Outros</b>	1	15	211.300
<b>Sanidade</b>	2	30	4.050.375
<b>Servicios</b>	15	225	29.048.925
<b>Téxtil</b>	5	75	17.467.125
<b>Turismo e hostalería</b>	6	90	18.435.675
<b>Total</b>	<b>157</b>	<b>2.355</b>	<b>515.868.169</b>

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación

mellora-la capacidade de inserción laboral dos desempregados, o 20 de outubro de 1998 púxose en marcha o Programa de Orientación Laboral. Durante este ano, o número de beneficiarios das accións deste programa ascendeu a 25.716.

Finalmente, hai que facer referencia á posta en funcionamento do Eures Transfronterizo denominado Norte de Portugal-Galicia, creado en decembro de 1997. Na súa función de información e asesoramento, as consultas máis xeralizadas, ademais das relativas ás ofertas de emprego existentes na eurorrexión, son as que fan referencia á Seguridade Social e á prestación do desemprego do traballador transfronterizo.

No concernente ás ofertas tramitadas salientan as relacionadas coa industria transformadora do granito, construción naval, construción civil, transporte e hostelería, destacando tamén as ofertas tramitadas en relación co servizo sanitario de Portugal.

Escolas-obradoiro, casas de oficios e unidades de promoción e desenvolvemento

Desde o 1 de xaneiro de 1998 tivo efectividade a transferencia á Comunidade Galega da xestión que en materia de traballo, emprego e formación viña realizando o INEM. A 31 de decembro de 1998, había en Galicia –**cadro 2.2.13.**– un total

CADRO 2.2.13.

**Escolas-obradoiro, casas de oficios e unidades de promoción e desenvolvemento 1997-98**

	1997	1998
Escolas-obradoiro	44	78
Casas de oficio	2	3
Unidades de promoción e desenvolvemento		3
Alumnos	2.058	3.638
Docentes		339
<b>Presuposto total</b>		<b>3.625.525.000</b>

Fonte: Dirección Xeral de Fomento do Emprego

de 78 escolas-obradoiro, 3 casas de oficios e 3 unidades de promoción e desenvolvemento, que acollían a 3.638 alumnos, fronte ós 2.058 do ano anterior. O presuposto adicado a estas actividades en 1998 ascendeu a 3.625,5 millóns de pesetas. ■